



8 MARZO: DIA DA MULLER TRABALLADORA

XUNTAS CONSTRUÍNDO AMIZADE SOCIAL

MANIFESTO

Neste 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, atopámonos nun contexto marcado pola pandemia da COVID-19. Vivimos o impacto de múltiples crises (sanitaria, económica, laboral, etc.) que están a poñer de relevo un sistema corrupto que despraza e descarta a millóns de persoas. Todas estas crises teñen un factor en común, as mulleres seguen sendo especialmente afectadas.

«Antes da pandemia, exercía como monitora de comedor e de talleres. Que tamén eran traballos precarios. Pero a causa do Covid, como moitas outras persoas, quedeime en paro. Foi duro porque non o esperaba e agora na casa non contamos con ningún ingreso máis que a paga da miña nai que non chega aos 500 euros. Estou a botar currículos por todas partes e bastante desesperada.» –Triana, moza de 21 anos.

Algúns datos que nos poden servir para recoñecer esta realidade:

- No Estado, está a producirse un auxe na trata de mulleres explotadas laboralmente. Con todo, permanecen na maioría dos casos ocultas e invisibilizadas. Mulleres traídas baixo promesas dun traballo digno cando o que lles espera é unha situación de escravitude e ameazas continuas. No mundo a maior parte das vítimas de trata son mulleres adultas (49%), seguidas das nenas (23%), sendo a explotación laboral o segundo motivo despois da explotación sexual.
- A conciliación familiar segue sendo un asunto pendente que se fixo aínda máis evidente agora. Segundo o Instituto Europeo da Igualdade de Xénero (EIGE), o 84,5% das mulleres do Estado realizan tarefas domésticas cada día e só un 41,9% dos homes cociñan ou fan outro tipo de traballo dentro da casa a diario. Nesta falsa conciliación familiar, o teletraballo está a converterse nunha arma de dobre fío para as mulleres cun incremento na carga de traballo de coidados e unha perda nas relacións laborais comunitarias.
- A brecha de xénero no mercado laboral segue en aumento, acelerándose nestes últimos meses. Segundo o último informe do Instituto da Muller aumenta a proporción das mulleres nas estatísticas de desemprego, do traballo precario, a tempo parcial ou na economía informal. Hai sectores nos que abunda a man de obra feminina, como o turismo, comercio ou a hostalería, que corren un serio risco de retroceso e xeración de despedimentos. Destacamos a importancia dalgúns traballos como o das empregadas de fogar ou traballadoras de supermercados que conseguiron visibilizarse durante esta crise. Grazas a elas conseguimos alimentarnos e curarnos, sendo traballos que ata o de agora non se consideraron como tan esenciais. Hai que dar valor a estes traballos procurando unhas condicións laborais dignas e acabar coa precariedade que afecta a estes sectores. Segundo o *Informe da Situación Sociolaboral das Mulleres en Galiza* do ano 2020, elaborado pola CIG, o 77% do emprego destruído foi feminino. As consecuencias desta situación veranse a longo prazo, sobre a xubilación, e van agravar a xa forte fenda salarial existente.

- O impacto da pandemia foi moi duro para as mulleres, particularmente desproporcionado para as mulleres novas, xa que sofren maior precariedade e peores condicións laborais. No segundo trimestre de 2020, a proporción de mulleres novas ocupadas a tempo parcial (29,2%) case duplicaba a dos homes na mesma situación (17,6%) e entre as persoas mozas menores de 25 anos a taxa de paro chegou case ao 40%.

Un ano máis, a *Irmandade Obreira de Acción Católica* (IOAC- HOAC de Galicia) e a *Juventud Obrera Cristiana* (JOC), como Igrexa encarnada no mundo obreiro e do traballo, queremos mostrar o noso compromiso en favor de:

- Un cambio do sistema económico e cultural que posibilite que todas as mulleres teñan o dereito a un traballo digno sendo recoñecidas e respectadas como iguais, tanto no persoal como no profesional.
- O desenvolvemento de políticas no teletraballo que permitan unha conciliación familiar para homes e mulleres.
- O establecemento dos controis e inspeccións oportunas nos lugares de traballo para asegurar que se cumpran as leis contra a trata de persoas.

Para poder realizar un cambio profundo na sociedade é necesario promover unha educación baseada en valores de igualdade, respecto, solidariedade e complementariedade, na que renunciemos aos canons impostos de femineidade e masculinidade que non permiten desenvolvernos de maneira integral como persoas libres e iguais coa dignidade que nos outorga ser fillas e fillos de Deus.

Desde a JOC e a IOAC, sentímonos chamadas e chamados a celebrar o Día Internacional da Muller Traballadora e a dicir si, do mesmo xeito que no seu momento fixo María, ao compromiso pola creación dun mundo novo. Por iso, xunto ao resto de compañeiras e compañeiros das organizacións sindicais, eclesiais, feministas e sociais comprometémonos a seguir traballando por facer real a igualdade de todas e todos.

«Agora só queda esperar e seguir buscando un novo traballo. E, por suposto, loitar por todos os que coma min perderon o seu oficio e polos que sofren a precariedade laboral. A esperanza é o último que se perde.» –Triana.